Guía didáctica

Guía didáctica

Esta proposta didáctica está dirixida ao alumnado de secundaria. As actividades poden ser útiles para a área de cidadanía e dereitos humanos, de sociais, de ética, titorías, etc., e para calquera docente interesado no tema. Os obxectivos desta proposta son reflexionar sobre os padróns de consumo da nosa sociedade e analizar as consecuencias medioambientais e sociais do noso consumo.

AUTORÍA: GEMMA BELLO, MIREIA CLAVEROL, MARGA FLORENSA, LAURA MARTÍ, CARME PI, FERRAN POLO E MARÍA RICO.

Actividade n.º 1: Lectura de imaxes

Obxectivos: Introducir o debate sobre o noso consumo e iniciar a reflexión sobre os nosos padróns de consumo.

Orientacións: A análise das tres fotografías pretende iniciar a reflexión sobre os padróns de consumo que rexen a nosa sociedade. As tres imaxes axudan a ilustrar diferentes exemplificacións do exceso de consumo no noso contorno: o período do Nadal e o gasto de enerxía, o consumo excesivo de alimentos, de regalos…; o consumo de aparellos electrónicos, como os móbiles, que en curtos períodos de tempo fican obsoletos, a pesar de que non utilizamos a maioría das súas funcionalidades; e o modo en que un obxecto necesario, como as lentes, pode converterse noutro produto de consumo máis. Con estas preguntas abertas pretende introducirse o tema do consumismo. O teléfono móbil, así como o resto de aparellos tecnolóxicos, ilustran moi ben, sobre todo nestas idades, o consumo innecesario e pouco responsable. A idea é que a partir das respostas do grupo poidamos guiar o interese para o modo en que consumimos. Dependerá da nosa habilidade ou ir formulando novas preguntas en demanda de concreción, ou facer aflorar qué ideas previas teñen e poder identificar aqueles conceptos e estereotipos que precisen ser reconstruídos.

Actividade n.º 2: Achégase o Nadal…

Obxectivos: Mostrar a influencia que ten o noso contorno no consumo. Reflexionar sobre cómo influímos nós no consumo familiar.

Orientacións: Aínda que o noso alumnado non é un consumidor directo, ou o é en menor medida, si que é un factor de grande influencia no consumo familiar. Aínda que a orixe da creación de necesidades e desexos ten o seu froito nos fabricantes, a partir da publicidade á que se destina boa parte do orzamento dun produto, todos nós funcionamos como altofalantes da mesma "recomendando" algúns produtos de forma específica ou reforzando un estilo de vida baseado no consumo. A partir desta actividade podemos analizar de forma crítica a nosa experiencia como consumidores directos ou indirectos.

Actividade n.º 3: Ter ou non ter

Obxectivos: Mostrar a cantidade de cousas que temos, moitas delas se non inútiles, polo menos infrautilizadas. Facer un esforzo colectivo por priorizar e por distinguir as cousas necesarias das que non o son.

Orientacións: Convén destacar en primeiro lugar a enorme cantidade de cousas que acumulamos e o pouco uso que facemos de moitas delas, e analizar qué tipo de cousas foron priorizadas e cales teñen menos interese. Que criterios utilizaron para seleccionar os obxectos que levan e os que deixan? Como non podemos analizar cada unha das cousas da lista común, é interesante detectar algúns obxectos e preguntar por qué se decidiu prescindir deles. Tamén se podería decidir en grupo qué facer coas cousas que non levamos.

Actividade n.º 4: Nadal, doce Nadal

Obxectivos: Reflexionar sobre as consecuencias medioambientais do noso consumo exemplificado no período do Nadal.

Orientacións: O Nadal converteuse no período do ano en que máis se consume. Tal como se vive o Nadal na actualidade o feito de regalar e recibir regalos, de se reunir… perdeu boa parte do seu sentido. De acordo en que o regalo é fantasía, en que a esperanza e o misterio de desenvolver son parte esencial da emoción que nos produce recibir un obsequio. Conforme en que un presente entregado así, sen máis, non cumpre coa maxia do Nadal, mais alguén parou a pensar no alto custo ambiental, económico e social que implica manter esta tradición? Até cando estamos dispostos a soportar esta situación a que nos vemos abocados ano tras ano? Con esta actividade, preténdese incidir no custo medioambiental do exceso de consumo no Nadal. Para iso, propóñense tres actividades diferentes: unha introdutoria para analizar os diferentes tipos de consumo que se disparan nestas datas; outra, de análise do gasto en envoltorios; e unha lectura de imaxes que vai na mesma liña.

Actividade n.º 5: A electrónica en verde

Obxectivos: Analizar o comportamento ecolóxico dalgunhas das marcas máis coñecidas de teléfonos móbiles e electrónica.

Orientacións: Con esta actividade continuamos a traballar o impacto medioambiental do noso consumo. Os móbiles e a electrónica de lecer son algúns dos produtos estrela no consumo do alumnado de secundaria, por iso esta actividade pode servir para introducir os criterios medioambientais de consumo responsable no debate. A actividade propón traballar en grupo un cadro que sintetiza a información contida no relatorio de Greenpeace *Ranking verde de electrónicos*. O cadro corresponde á información do relatorio de marzo de 2007, aínda que se poden consultar novas actualizacións en www.greenpeace.org/espana/ campaigns/t-xicos/electr-nicos-alta-tecnolog-a/ranking-verde-de-electr-nicos. Proponse traballar coa área de química ou ciencias naturais o contido de materiais como o PVC e os retardantes de chama bromados, e as súas consecuencias sobre a saúde das persoas.

Actividade n.º 6: A cara oculta dos móbiles

Obxectivos: Mostrar as consecuencias do noso consumo noutros países. Evidenciar a situación que se vive nestes países e en qué se inviste o diñeiro. Mostrar o papel das empresas que fabrican móbiles.

Orientacións: É necesario relacionar a extracción de materias primas e as consecuencias negativas para a poboación, mostrando cómo os gobernos invisten estes lucros. Tamén hai que salientar o papel das empresas que fabrican estes teléfonos. A partir deste tema pode facerse referencia ao comercio internacional: cómo se fixan os prezos, o contrabando… O noso papel como consumidores tamén debería ter un lugar destacado na actividade, polo que se propón impulsar unha reflexión sobre o noso consumo de móbiles: Cada canto tempo substituímos os nosos móbiles? Temos máis dun? Que poderíamos facer para non trocalo tan a miúdo? Para finalizar a actividade, convídase a realizar unha lectura complementaria do cadro *o prezo dun móbil* do dossier informativo.

Actividade n.º 7: Xoguetes caros… moi caros

Obxectivos: Mostrar as consecuencias do noso consumo noutros países. Evidenciar as condicións laborais dos traballadores, especialmente traballadoras, que producen os nosos produtos de consumo.

Orientacións: Con esta actividade, continuamos a traballar as consecuencias sociais do noso consumo, exemplificado nas condicións laborais dalgunhas das traballadoras chinesas que producen os brinquedos, un dos produtos estrela do período do Nadal. As preguntas de comprensión lectora incluídas ao final pretenden, en primeiro lugar, reflexionar sobre a situación das persoas que traballan baixo estas condicións e, en segundo lugar, analizar as causas que as motivan. Neste último caso, habería que incidir no papel dos gobernos e as lexislacións –que posibilitan os referidos casos ou que non obrigan ao cumprimento das leis laborais– ao papel das empresas e á presión do noso consumo excesivo. A lectura dos criterios de comercio xusto debería axudar a introducir no debate criterios de compra responsable.

Actividade n.º 8: E nós, o que podemos facer?

Obxectivos: Descubrir co alumnado a capacidade de influencia que teñen, con iniciativas persoais e colectivas, na redución real do impacto medioambiental e social do consumo. Implicalos nunha acción conxunta de resultado facilmente avaliable.

Orientacións: As actividades propostas pretenden desvelar no alumnado a conciencia de que sempre é posible incidir no noso contorno. Trátase de contradicir a actitude resignada do "eu non podo facer nada" ofrecendo vías de intervención desde a nosa realidade cotiá. Como as propostas que se lanzan son amplas e variadas, sería necesario escoller a que máis se axuste ao perfil do noso grupo. Recoméndase debater na aula as propostas para que as coñezan e poidan aplicalas a nivel individual, familiar, etc… Porén, convén que a actividade que se leve a cabo sexa unha actividade de compromiso colectivo e de impacto visible no seu contorno inmediato ou próximo.